

Con esta marcha das cousas  
estamos moi amolados  
os que andaban xustiños  
agora van apertados.

Uns falan de contención  
outros de conxelación  
ao final todos vendidos  
sen ningunha solución.

E os políticos contentos  
asubían cara o vento  
din que o fin da caída  
e cousa de pouco tempo.

De non buscarlle remedio  
os que teñen o poder  
comeremos catro codias  
de pan sen amolecer.

Presidente Zapatero  
ponlle rumbo ao temón  
arranxa ben o da crise  
que senón vén a ración.

Mentres tanto Mariano  
ten o barco preparado  
fíxose gran capitán  
para salvar ao Estado.

Non lle escaldan as liortas  
de tramas e “pelotazo”  
seica as inventa a prensa  
para darlles o “coñazo”.

A sanidade precisa  
dunha boa intervención  
os dirixentes predicán  
e non mudan a xestión.

Envorcados cara o cero  
pregoan moitas melloras  
palabras ditas á toa  
para cubrirse as costas.

Se temos que pedir cita  
vagamos a pescudala  
polos sitios oficiais  
que se encargan de borrala.

Os de FENOSA espertan  
teñen presa por cobrar  
non miran os contadores  
e facturan sen parar.

Se non pagas cada mes  
córtañche o subministro  
quedaste a velas vir  
buscando a caixa co misto.

Dez anos de papelame  
e promesas incumpridas  
din que a historia do AVE  
está chea de mentiras.

ENCE si ou ENCE non  
aprendede a canción  
cando Telmo sexa alcalde  
ENCE vai para Marcón.

Pasarón xa virou cara  
para podelo mirar  
colleron pulo as obras...  
será para rematar?

Pontevedra Club de Fútbol  
moito tedes que correr  
para sumar os puntiños  
que vos fagan ascender.

Non se cansan, nin se renden  
os xogadores de azul  
o Teucro terá futuro  
se hai cartos no baúl.

Obama vai polo mundo  
co cartel de triunfador  
todos a renderlle honras  
coma grande salvador.

Viñemos cantar os Maios  
como manda a tradición  
cando remate a festa  
paparemos o roscón.

Xa chegou a despedida  
deste maio cantareiro  
acabóusenos a leria  
ata o ano vindeiro.

# MAIO

## C.E.I.P. CAMPOLONGO



# ANO 2009

Campolongo canta o Maio  
nesta cidade de pedra  
aí van as nosas coplas  
polo ar de Pontevedra.

Cun saúdo de benvida  
comezamos a falar  
traemos algúns dicires  
que lles queremos contar.

Chegamos ben preparados  
temos a gorxa afinada  
pois mollamos a palleta  
con zume de laranxada.

Para vestir este Maio  
de pampullos e fiúncos  
tivemos que percorrer  
os camiños e recunchos.

Maio verde e florecido  
de cores e ilusión  
dos rapaces brincadores  
da primavera e do sol.

O cuco chega cucando  
por riba da Ferraría  
guíndalle bicos ao vento  
con donaire e alegría.

Canta cuco, canta cuco  
enriba dunha camelia  
vén andar o noso Maio  
que chegou a primavera.

O cuco enredou coas notas  
abaneando o peteiro  
e os nenos facendo coro  
cantaban todos contentos.

E os ecos xa se escoitaron  
con agarimo e dozura  
foran cantigas de Maio  
enchidas de fermosura.

Subimos o noso Maio  
por detrás de S. Xosé  
pasamos pola Oliva  
facendo o camiño a pé.

Montado en “carrilana”  
con rodas de bicicleta  
chegamos á Ferraría  
coa equipaxe completa.

A educación vai en tren  
ocupa o vagón da cola  
con billete de segunda  
e parada na reforma.

Plan Bolonia para moitos  
na ensinanza superior  
de titulacións a graos  
sen prestixio nin valor.

Nas escolas xa contamos  
cun feixe de competencias  
para poder impulsar  
tanta vaga de carencias.

No colexio aínda chove  
cando flúe a chuvascada  
o problema vén de vello  
que o saiba a concellala.

Non podemos ter recreo  
se azouta a chaparrada  
veña vento, veña chuvia  
non se para coa auga.

Outras veces non saímos  
pois temos que reparar  
aqueles que non acaben  
han quedar sen merendar.

Hai artistas que nos baños  
teñen provocado enchentes  
cando atoan de papel  
e atascan os retretes.

Algunhas portas das clases  
parecían un cangallo  
tardaron en arranxalas  
porque dan moito traballo.

As persianas aínda fallan  
e as mesas xa se avellan  
pero temos un conflito  
con entradas que non pechan.

Emporiso que a miúdo  
recibimos as visitas  
dos rateiros que despozan  
e marchan sen deixar pistas.

A vila padece obras  
que non se dan rematado  
non hai cartos suficientes  
para poñerlles o ramo.

Precisamos un GPS  
para andar pola cidade  
e camiñar polas rúas  
con certa seguridade.

Non vaian polo Concello  
Campolongo e o Campiño  
mellor collan por Bos Aires  
e bañaranse no río.

Cando rematen a praia  
supoñendo que o fan  
contando que haxa fondos  
antes de vir o verán.

E tamén por supoñer  
estivemos cavilando  
non sería estraño ver  
a Miguel Anxo nadando.

Mentres nada e garda a roupa  
os votos vanlle marchando  
e os que turran por entrar  
coa boina apañando.

Lores vai perdendo apoios  
elección tras elección  
o Telmo faille a cama  
para coller o bastón.

E Tareixa pasa o tempo  
botando as contas da vella  
esfolla na margarida  
por se lle queda parella.

O bipartito da Xunta  
non cumpriu o prometido  
e a xente de Galicia  
mandounos para o retiro.

Touriño foi xubilado  
xa non está gobernando  
Quintana segue na festa  
pero quitáronlle o mando.

Adeus para o desgobierno  
parella mal amañada  
se deron en facer algo  
ninguén se lembra de nada.

Para gañar confianza  
aprendede a lección  
entoade o “mea culpa”  
e a facer renovación.

Para Santiago se vai  
co encargo de mandar  
e dentro de catro anos  
volverá a recuncar.

Achegouse o momento  
de arranxar tódalas cousas  
con Feijóo de mandatario  
encima de catro rodas.

Para cumprir as promesas  
empezamos a cambiar  
primeiro tócalle aos coches  
logo virá o demais.

Audi non que é moi caro  
xa o dixo o presidente  
eu prefiro un Citroen  
que semella máis corrente.

Canta cuco, canta cuco  
por arriba dos salgueiros  
dille á xente desta praza  
onde foron os diñeiros.

Dille a todos os presentes  
na fermosa Ferraría  
cantos contións nos cantan  
cada noite e cada día.

Cóntalle iso do paro  
e tamén da recesión  
como voaron os cartos  
que non queda un patacón.